

## BASES DE SELECCIÓN – PROXECTO ERASMUS+ KA122 2025

### (MOBILIDADES DE CURTA DURACIÓN)

O proxecto Erasmus+ KA122-VET de curta duración do CIFP Manuel Antonio ten como finalidade ofrecer ao alumnado e profesorado a oportunidade de participar en experiencias internacionais de aprendizaxe práctica de curta duración, que reforcen a dimensión europea e profesionalizadora da formación profesional.

Este proxecto permitirá a un grupo reducido de alumnado y profesorado acompañante, estar unha semana nun centro homólogo doutro país e ver cómo traballan, as súas formas de aprender e o desenvolvemento de estudos equivalentes en outros países.

A labor do alumnado é de aprendizaxe e asimilación de novas formas de traballar que poidan serlles útiles no día a día. A labor do profesorado é a de acompañamento do alumnado así como de guía no seu traballo; de aprendizaxe de diferentes metodoloxías, de establecemento de contacto con outras institucións e de observación de outras culturas e métodos.

Durante o curso 2025 levaranse a cabo dúas mobilidades de grupo:

- **Mobilidade 1 – Sur de Francia**
  - Participantes: 4 estudantes seleccionados dos ciclos de 1º CM Cociña B e 1º CM Panadaría A. Se hai suficientes solicitudes en ambos ciclos, se dividirán en 2 alumnos de cada ciclo.
  - Acompañamento: 2 docentes, un de cada ciclo.
  - Duración: 5 días de actividades + viaxe.
  - Obxectivos: aprendizaxe práctica en centros e empresas hostaleiras e panadeiras da rexión, coñecemento de novas técnicas e metodoloxías.
- **Mobilidade 2 – Arras (Francia)**
  - Participantes: 12 estudantes seleccionados dos ciclos de 1º CM Confección A, 2º ZM COGA, 1º CM Cociña A, 1º ZM Cociña e 1º CM Servizos de Restauración.
  - Acompañamento: 3 docentes un de cada ciclo.
  - Duración: 5 días de actividades + viaxe.
  - Obxectivos: intercambio formativo e cultural con centros de FP locais, talleres prácticos e cooperación entre estudantes.

As mobilidades contribuirán a mellorar as competencias profesionais, persoais e lingüísticas do alumnado e a reforzar a cooperación internacional entre familias profesionais do centro.



Se, ao finalizar o proceso selectivo, quedan prazas libres en algunha das actividades, poden reorganizarse na outra actividade.

## BASES DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

### 1. Requisitos de participación:

- Estar matriculado en 1º curso dun ciclo formativo ciclo medio no curso presente, ou en 2º itinerario no caso de modular de confección e moda.
- Ter superada a 1ª avaliación no momento da selección.
- Non ter sancións nin partes disciplinarios (se hai unha sóa, se revisará cada caso de maneira individual).
- Ter un mínimo de 16 anos.

### 2. Causas de exclusión:

Todo o proceso Erasmus é presencial, tanto o proceso de selección, como a xestión das becas. A non asistencia ou non contestación será considerada como falta de interese por parte do alumnado e quedará excluído do proceso.

Serán motivos de exclusión e perda de dereito á beca as seguintes circunstancias:

- Non cumprir algún dos requisitos para inscribirse.
- Non asistir de xeito presencial e sen causa debidamente xustificada a algún dos procedementos: entrevistas persoais, exames de idiomas en caso de solicitalos, obradoiro Europass, firma de documentos da beca, ou calquer inasistencia aos requerimentos de obrigada participación.
- Rexistro de partes disciplinarios de aula ou sancións de comportamento durante o presente curso académico.
- Recibir unha **valoración negativa (NON APTO)** por parte do **equipo docente** na avaliación de actitudes persoais ou da **Comisión de Avaliación** na fase de entrevista.
- A non resposta aos emails nos que se solicita información e/ou documentación, durante os 5 días posteriores ao seu envío. Xa que este será o mecanismo de comunicación oficial do Dpto. de Programas Internacionais cos becarios Erasmus+. Isto será considerado como desinterese e falta de compromiso por parte do alumnado, polo que nestes casos decaerá o dereito á beca.

- Condutas inadecuadas acorde as normas de organización e funcionamento do centro e/ou normas das aulas el talleres das propias familias profesionais, ou falta de compromiso.

### 3. Baremo que se aplica:

Para a selección dos solicitantes nas mobilidades establécense os seguintes criterios:

QUE SE AVALÍA?	COMO SE AVALÍA?	CANTO PUNTÚA?
<b>Expediente académico no ciclo</b>	Realízase a media de todos os módulos do ciclo avaliados ata o momento, tendo en conta o número de convocatorias realizadas. Inclúe os módulos superados, pendentes e validados, coa última nota que figure no seu expediente, xa fora avaliado neste centro, por libre ou noutros centros.	Ata 3 puntos
<b>Idiomas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Certificado oficial B2 ou superior nun idioma: 1 puntos</li> <li>- Certificado oficial B1 nun idioma: ata 0,5 puntos</li> </ul>	Ata 1 puntos
<b>Avaliación do equipo docente</b>	<p>O titor e equipo docente de cada aspirante realizará unha valoración individual de cada alumno dando unha primeira avaliación de APTO / NON APTO para realizar unha mobilidade ao extranxeiro.</p> <p>Nos casos nos que a avaliación sexa NON APTO, o alumno/a será excluído do proceso de selección.</p> <p>Nos casos nos que a avaliación sexa APTO, o equipo docente utilizará unha <b>rúbrica de avaliación</b> (cunha puntuación máxima de 10) sobre o perfil actitudinal do alumno/a que será ponderada para obter a calificación correspondente a este apartado. Teranse en conta ítems coma: habilidades sociais, habilidades comunicativas, adaptabilidade ás circunstancias, resolución de conflitos, seriedade e compromiso, entre outras.</p> <p>No caso no que o equipo docente non dispoña de información suficiente sobre</p>	Ata 2 puntos



	o alumno avaliará ese item como “non procede”. <i>Antonio</i>	
<b>Motivación</b>	<p>O alumnado terá que escribir unha breve carta de motivación no momento da inscrición xustificando por qué solicita a beca (entre 250-600 palabras).</p> <p>Ademáis, realizarase unha entrevista persoal presencial de todos os candidatos coa Comisión de Avaliación (<i>formada por Orientación, Coordinación de programas internacionais e, polo menos, 1 profesor acompañante da actividade que corresponda</i>) para detectar intereses, motivacións dos participantes e habilidades comunicativas, entre outras.</p>	Ata 2 puntos
<b>Alumnado pertencente ao grupo de menos oportunidades</b>	O alumnado que figure <b>nalgunha</b> das categorías que figuran no Anexo 1 obtendrá a puntuación total deste apartado.	2 puntos

Tódalas conversións aos puntos que aparecen na táboa se faran cunha regra de tres na que a puntuación máxima obtible, equivaldrá ao máximo número de puntos desa categoría.

#### 4. Resolución, publicacións e convocatorias

- Dende a publicación das bases darase un mínimo de 7 días de prazo de inscrición.
- Unha vez finalizado o prazo, comenza o proceso selectivo, no que se convocarán entrevistas individuais co alumnado inscrito.
- Unha vez finalizado o proceso de selección publicarase un listado xeral coas puntuacións provisional e definitivo e cos adxudicatarios das becas Erasmus+.
- Tódalas novidades e información concerninte ao proceso de interese para o alumnado, incluíndo as convocatorias, será publicada na aula virtual de Programas Internacionais.
- Abrirase un prazo para reclamacións trala publicación do listado provisional de alumnado beneficiario de mobilidades. O prazo exacto e o procedemento de reclamación publicarase nese momento.
- Unha vez rematado o prazo de reclamación, darase resposta ás reclamacións, se as houber, e publicarase o listado definitivo de alumnado beneficiario de mobilidades grupales de alumnado de ciclo medio, máis o listado de reserva se houbera, nun prazo máximo de 30 días. Contra esta listaxe, non caberá recurso administrativo algún por tratarse dun proceso de selección propio do centro.
- No caso do alumnado menor de idade, terá que presentar unha autorización firmada polo seus titores legais. Terán que firmar tódolos titores.
- A publicación da listaxe definitiva implica un compromiso de asistencia por parte do alumnado seleccionado. E, se houber pagos anticipados polo centro para a realización de dita mobilidade, a cuantía gastada terá que ser abonada polo alumnado ou titores legais (en menores de 18 anos), en caso de rexeitar a mobilidade.
- Únicamente se poderán contemplar as renuncias do alumnado por causas de forza maior se son aprobadas polo SEPIE, e nese caso é o SEPIE o que decide se a/o alumna/o debe devolver os gastos incurridos.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



Manuel Suárez



CENTROS INTEGRADOS  
DE FORMACIÓN  
PROFESIONAL

- O mecanismo de comunicación oficial entre Dpto. de Programas Internacionais e becarios será o correo electrónico achegado no formulario de inscrición.



Cofinanciado por  
la Unión Europea

## **ANEXO I: Alumnado considerado de menos oportunidades:**

- Discapacidad:
  - Presentar un certificado de discapacidad emitido por la autoridad correspondiente (CCAA) que presenten una discapacidad reconocida.
  - Se valorará el hecho de tener una solicitud abierta para el reconocimiento de la discapacidad, con informes médicos, psicológicos y psiquiátricos o de entidades sociales.
- Dificultades educativas y formativas:
  - Tener informes preceptivos de los equipos de orientación en centros educativos o autoridades y orientación educativa y psicopedagógica de las Delegaciones de educación, y en su caso, tener un protocolo abierto por el centro previo a la solicitud.
- Obstáculos socioeconómicos:
  - Ser o haber sido beneficiario de una beca de estudios de carácter general de la Administración General del Estado.
  - Certificado de percepción de prestación de Ingreso mínimo vital / Renta Mínima de Inserción o cualquier otra prestación de igual o similar naturaleza de la unidad familiar o del progenitor que tenga la custodia (en caso de menores), según la denominación adoptada en cada Comunidad Autónoma.
  - Informe de los servicios sociales de la Administración Local que acredite la situación de las personas en riesgo de exclusión social.
  - Familias numerosas o monoparentales.
  - Informe de Servicios Sociales, situaciones de especial necesidad y emergencia social consideradas por la administración pertinente.
  - Consideración administrativa de víctimas de terrorismo, de violencia de género o huérfanos.
  - Certificación de situación de dependencia, participantes con dependientes a cargo.
  - Estudiantes con contratos de trabajo a tiempo completo.

- Certificación de ser persona tutelada por la Administración
- Beneficiario de beca de comedor / libros
- Acreditación de situación de aquellas personas que no pueden acceder a las prestaciones a las que se hace referencia en la justificación del perfil, por alguna de las siguientes causas: falta del periodo exigido de residencia o empadronamiento o haber agotado el periodo máximo de percepción legalmente establecido
- Problemas de salud:
  - Certificación de situación de salud física que genere la necesidad de apoyo adicional: Informe médico expedido por centro de salud/especialista o la autoridad sanitaria competente.
  - Certificación de situación de salud mental que genere la necesidad de apoyo adicional: Informe de Salud Mental. Informe médico expedido por centro de salud/especialista o la autoridad sanitaria competente.
- Diferencias culturales:
  - Resolución de condición de refugiado o con derecho a protección subsidiaria o haber presentado solicitud de protección internacional en España, o en otro país, en caso de estudiantes entrantes.
  - Condición de pertenencia a otra etnia (certificado, en este caso, por servicios sociales).
  - Informe del Departamento de Orientación del centro educativo.
- Discriminación:
  - Certificación de la administración competente e Informe del Departamento de Orientación justificando este obstáculo, por ejemplo, por acoso escolar.

## PROFESORADO PARTICIPANTE

Polas circunstancias deste primeiro proxecto, unicamente se terá en conta a participación na solicitude do proxecto.

Na actividade 1, o profesorado acompañante será:

María Teresa Lozano Bernal

Jesús Ramos Barcia

Na actividade 2, o profesorado acompañante será:

Breogán Diéguez Ayán

Jacobo Otero Garrido

Ana Veloso Amoedo

O profesorado participante terá que cumprimentar a documentación de participación.

O profesorado participante comprométese a acompañar ao alumnado durante o tempo que dure a mobilidade, tanto nas prácticas como, no caso de menores de 18 anos, no tempo de lecer.

A publicación destas bases implica un compromiso de asistencia por parte do profesorado acompañante. E, se houberse pagos anticipados polo centro para a realización de dita mobilidade, a cuantía gastada terá que ser abonada polo profesor correspondente.

Únicamente se poderán contemplar as renuncias do profesorado por causas de forza maior se son aprobadas polo SEPIE, e nese caso é o SEPIE o que decide se a/o alumna/o debe devolver os gastos incurridos.

### **1. Causas de exclusión:**

Todo o proceso Erasmus é presencial, tanto o proceso de selección, como a xestión das becas. A non asistencia ou non contestación será considerada como falta de interese por parte do PROFESORADO e quedará excluído do proceso.

Serán motivos de exclusión e perda de dereito á beca as seguintes circunstancias:



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL



CENTROS INTEGRADOS  
DE FORMACIÓN  
PROFESIONAL

- A non resposta aos emails nos que se solicita información e/ou documentación, durante os 5 días posteriores ao seu envío. Xa que este será o mecanismo de comunicación oficial do Dpto. de Programas Internacionais cos becarios Erasmus+.
- A non aprobación por parte do equipo directivo.
- A non asistencia ás reunións ás que se convoquen como parte do proceso (antes ou despois do disfrute da bolsa).



Cofinanciado por  
la Unión Europea